

# 1.-INTRODUCCIÓN A GEOGRAFÍA


*As coordenadas xeográficas*



**Tipos de mapas**






**Fontes gráficas e estatísticas**



# A.-A ORIENTACIÓN NO MAPA


A.1.- Fai unha *rosa dos ventos* no teu caderno.



A.2.- Copia no teu caderno e une con frechas. (Podes usar as pistas para facelo)


NORTE
SUR
LESTE
OESTE

SETENTRIONAL
LEVANTE
MERIDIONAL
POÑENTE
ORIENTAL
OCCIDENTAL



Recorda fillo que Xapón ou China forman parte do Extremo Oriente!

Si papá, xa sei que son as terras do Sol nacente!




Estás a pensar no mundo menos...


Cando penso no Sur...

## B.- AS COORDENADAS XEOGRÁFICAS: LATITUDE E LONXITUDE

Para **situ**ar exactamente un punto sobre a superficie terrestre hai que indicar o paralelo e máis o meridiano que pasan por ese punto, que nos indicarán a súa **latitude** e a súa **lonxitude**, é dicir, as súas .....




**B.1.-** Fíxate nos gráficos para poder **completar a definición** dos conceptos de *paralelo*, *latitude*, *meridiano* e *lonxitude*.



► Os **paralelos** son liñas ..... que rodean a ..... e que son paralelas ao ..... O **Ecuador** é o paralelo ....., divide o noso planeta en dúas metades iguais ou .....

► A **latitude** é a distancia medida en graos que hai entre calquera punto da Terra e o ..... Pode ser ..... ou ....., cun máximo de .....




► Os **meridianos** son liñas ..... trazadas de Norte a ....., de Polo a ..... O **meridiano de Greenwich** ou meridiano ..... separa os meridianos situados ao ..... dos situados ao ..... desta liña.

► A **lonxitude** é a distancia medida en graos que hai entre calquera punto da Terra e o ..... Pode ser ..... ou ....., cun máximo de.....

## B.2.- Contesta ás preguntas

- Cal é o continente situado nunha latitude Sur e lonxitude Leste?
- Que continentes “atravesa” o Meridiano 0°?
- Cal é o continente que se estende máis en latitude? E en lonxitude?
- En que continente podemos atopar latitude Norte e Sur e lonxitude Leste e Oeste?





- 43° N 1° L
- 37° N 5° 0
- 43° N 9° 0
- 40° N 4° 0
- 42° N 3° L
- 37° N 2° 0
- 36° N 5° 0
- 40° N 0° 0




<b>B.3.- Completa o cadro</b>	<b>COMUNIDADES AUTÓNOMAS ESPAÑOLAS</b>
<b>Latitude máis ao Norte?</b>	
<b>Latitude máis ao Sur?</b>	
<b>Lonxitude máis ao Leste?</b>	
<b>Lonxitude Leste?</b>	
<b>Latitude Norte?</b>	

# C.- A REPRESENTACIÓN DO ESPAZO XEOGRÁFICO: OS MAPAS


## C.1.- Mapa e escala

A mellor maneira de representar a superficie esférica da Terra é facendo uso dun ..... , pois permite mostrar sen distorsión as distancias, a distribución e o tamaño dos continentes e océanos... , pero representa poucos detalles. Por iso normalmente usamos os **mapas**, que son representacións ..... de parte ou da totalidade da superficie ..... feitas a .....


Cartografía: Ciencia que se encarga do estudo e elaboración de mapas.



A **escala** do mapa indica ..... foi reducida a realidade para ser ..... no mapa, pode aparecer no mapa de forma *gráfica* ou *numérica*.



Recordas como se traballa coa escala do mapa?



Ufff...  
Pois...!

# CLASIFICACIÓN DA ESCALA DO MAPA

ESCALA PEQUENA	ESCALA GRANDE
O denominador é...	O denominador é...
Representa un territorio...	Representa un territorio...
Serve para representar...	Serve para representar...

## A POBOACIÓN ESPAÑOLA






## C.2.- Tipos de mapas

Segundo a información que representan os mapas poden ser de tipo **xeral** ou **temático**.

► Os mapas de tipo **xeral** ou **básico** representan os elementos físicos (montañas, ríos...) e humanos (núcleos de poboación, estradas...) máis significativos dunha zona determinada. Son, en xeral, mapas con escala grande.



**Mapa Topográfico Nacional 1:50.000**


► Os mapas de tipo **temático** dan información sobre un feito xeográfico concreto (ríos, climas, agricultura, fontes de enerxía ...).

## CLASIFICACIÓN DOS MAPAS TEMÁTICOS

MAPA CUALITATIVO	MAPA CUANTITATIVO
Informan da distribución dun feito xeográfico <b>sen indicar cantidades</b> . A información pode vir representada por medio de cores, frechas, figuras, puntos...	Informan da distribución dun feito xeográfico <b>indicando cantidades</b> . A información pode vir representada por medio de cores, frechas, figuras ou símbolos proporcionais...


C.3.- CLASIFICACIÓN DE MAPAS	Que representa?	Tipo de escala: gráfica/numérica grande/pequena	Tipo de mapa: xeral/temático cualitativo/...	Que recurso usa para sinalar a información?
Páxina 269 A débeda...				
Páxina 219 Usos do...				
Páxina 223				
Páxina 199				
Páxina 269 Exportacións...				






**Débeda externa de África en 2012**

(miles de millóns)



Fonte: Indexamundi.



**Páxina 269**



**Usos do solo**



**Páxina 219**



- Industria**
-  Alimentación e bebidas
  -  Textil, confección, coiro e calzado
  -  Papel e artes gráficas
  -  Produtos químicos
  -  Materiais de construción, vidro e cerámica
  -  Metalurxia e produtos metálicos
  -  Maquinaria e material de transporte
  -  Material eléctrico, electrónico e óptico



**A actividade industrial en España**


-  Área industrial desenvolvida
-  Área industrial en expansión
-  Área industrial en declive
-  Área de escasa industrialización

0 100 200 300 km



*Páxina 199*

*Páxina 269*



## D.- FONTES GRÁFICAS E ESTATÍSTICAS

Unha **Gráfica** é unha representación do valor numérico dun ou máis feitos xeográficos. Poden facerse mostrando a evolución do feito a través do tempo ou en comparación ou proporción con outros valores. Outra maneira de recoller os datos numéricos relacionados con distintos feitos xeográficos son as **táboas estatísticas**.




### D.1.- Tipos de gráficas

► **Gráfica lineal:**  
Xeralmente representa a evolución dun feito ao longo do tempo. No caso de representar a evolución de varios datos se fai uso dunha gráfica lineal múltiple.




► Gráfica de barras:

Xeralmente representa a evolución dun feito ao longo tempo ou a distribución dun mesmo feito en distintos espazos. As barras poden ser verticais, horizontais, simples, agrupadas...



► Gráfica circular ou de sectores: Empregan figuras (xeralmente circulares) cunha superficie que se corresponde co valor total do feito representado (100%) e que se divide en sectores proporcionais ao valor de cada dato.



D.2.- Busca no libro varios exemplos dos distintos tipos de gráficas.